a) **Prezo total do contrato: 38.085,45 euros (base: 31.475,58 euros ; IVE 21%: 6.609,87 euros).**

b) **Prazo de execución: 2 meses**, segundo o establecido no proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira de data setembro/2016.

TERCEIRO.- De conformidade co establecido na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe a contratación, **requirir ó adxudicatario para formalizar o correspondente contrato** en documento administrativo no prazo non superior ós 15 días hábiles seguintes a aquel en que reciba a notificación deste acordo de adxudicación.

CUARTO.- Designar como Directora das obras á enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.

QUINTO.- Esta adxudicación notificarase a tódolos licitadores presentados e, simultaneamente, publicarase na Web oficial deste Concello, no apartado “Perfil de Contratante”.

2.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “PAVIMENTACIÓN E INSTALACIÓN DE LIÑA DE PLUVIAIS NA RÚA TORREIRO (CORRUBEDO)”.

Expediente :2018-C_OB000020

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras do proxecto denominado **“PAVIMENTACIÓN E INSTALACIÓN DE LIÑA DE PLUVIAIS NA RÚA TORREIRO (CORRUBEDO)”**, cun orzamento total de licitación de 30.230,95 euros (orzamento base: 24.984,26 euros; IVE 21%: 5.246,69 euros), e cun prazo de execución de 2 meses. (Valor estimado do contrato: 27.482,69 euros).

O investimento foi incluído no **“Plan complementario ó Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos)**





POS+ 2017", aprobado polo Pleno da Excma. Deputación Provincial da Coruña en sesión extraordinaria realizada na data 08/06/2017, segundo a Circular que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 14/06/2017, co número 10.251, e que foi declarado definitivamente aprobado por Resolución da Presidencia da Deputación que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 07/07/2017, co número 11.819.

O proxecto técnico, redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data xaneiro/2017, aprobouse por acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal na súa sesión da data 20/02/2017.

O expediente de contratación, por procedemento aberto simplificado con un único criterio de adxudicación (prezo mais baixo), o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453.61977, aprobáronse por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión de data 14/02/2019.

A licitación anunciouse na Plataforma de Contratación do Sector Público, na data 15/02/2019.

O acto de apertura dos arquivos en soporte dixital, presentados polos licitadores que a continuación se indican, cuxas ofertas foron rexistradas, dentro do prazo concedido a tal fin, na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado celebrouse pola Mesa de Contratación na súa reunión de data 12/03/2019, dando o resultado seguinte:

LICITADORES	DECLARACIÓN RESPONSABLE	OFERTA ECONÓMICA (IVE excluído)
Arines Obras y Proyectos, S.L.	CORRECTA	18.231,01 €
Barnacle Obras y Servicios, S.L.	CORRECTA	22.435,86 €
BCNOR Gestión y Soluciones Avanzadas, S.L.	CORRECTA	21.325,89 €
Canarga, S.L.	CORRECTA	24.049,59 €
Construcciones Anspal, S.L.	CORRECTA	20.500,00 €
Construcciones D. Ogando, S.L.	CORRECTA	24.859,33 €
Excavaciones Nima, S.L.	CORRECTA	18.224,15 €
Manuel Barcia García	CORRECTA	19.008,27 €
Nemesio Ordóñez, S.A.	CORRECTA	18.718,20 €
Tarrio y Suarez, S.L.	CORRECTA	19.987,40 €
Ágada Occidente, S.L.,	CORRECTA	16.689,26 €

Visto que, unha vez realizadas pola Mesa de Contratación as operacións correspondentes respecto das ofertas económicas dos licitadores presentados e admitidos á licitación, resulta que a oferta presentada polo licitador "Ágada Occidente, S.L.", debe ser considerada, en principio, como anormal ou desproporcionada, a Mesa de Contratación, na mesma reunión da data 12/03/2019, a Mesa acordou requirir á citada empresa para que no prazo máximo de 5 días hábiles xustificase a súa oferta.

A notificación do requirimento da xustificación da oferta considerada, en principio, como anormal ou desproporcionada, realizouse na data 18/03/2019.

Dentro do prazo concedido, na data 25/03/2019, presentou documentación xustificativa da súa oferta, a través Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado a empresa "Ágada Occidente, S.L.".

Con data 22/04/2019 a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira emitiu *informe sobre a documentación presentada polas empresas para xustificar a temeridade das súas*





ofertas presentadas na licitación da obra “Pavimentación e instalación de liña de pluviais na Rúa Torreiro (Corrubedo)”, no que conclúe que:

“Atendendo á documentación aportada polos ofertantes, considérase que:

A documentación presentada por Ágada Occidente, S.L. non é suficiente para xustificar a súa oferta”.

E segundo o exposto propón “excluir á empresa Ágada Occidente, S.L. do proceso de licitación”

Á vista do citado informe, tendo en conta os antecedentes expostos, vista a cláusula 16 de Prego de cláusulas administrativas particulares reitor da contratación, e vista a proposta formulada pola Mesa de contratación na súa reunión de data 24/04/2019, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión celebrada na data 25/04/2019, adoptou os seguintes acordos:

- De acordo co informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data 22/04/2019, EXCLUÍR da licitación á empresa “Ágada Occidente, S.L.”, por non considerar suficiente a documentación presentada para xustificar a súa oferta económica, considerada como anormalmente baixa.

- De acordo co disposto no artigo 150, apartado 1, da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións que resultaron admitidas á contratación das obras de “Pavimentación e instalación de liña de pluviais na Rúa Torreiro (Corrubedo)”, do seguinte xeito:

ORDE	LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA (IVE excluído)
1	Excavaciones Nima, S.L.	18.224,15 €
2	Arines Obras y Proyectos, S.L.	18.231,01 €
3	Nemesio Ordóñez, S.A.	18.718,20 €
4	Manuel Barcia García	19.008,27 €
5	Tarrio y Suarez, S.L.	19.987,40 €
6	Construcciones Anspal, S.L.	20.500,00 €
7	BCNOR Gestión y Soluciones Avanzadas, S.L.	21.325,89 €
8	Barnacle Obras y Servicios, S.L.	22.435,86 €
9	Canarga, S.L.	24.049,59 €
10	Construcciones D. Ogando, S.L.	24.859,33 €

- De conformidade co establecido no artigo 159, apartado 4.f.4º, da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, requirir á empresa “Excavaciones Nima, S.L.”, que é a empresa licitadora que resultou clasificada en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de sete días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente a documentación que se indica na cláusula 16.1 do prego de cláusulas administrativas particulares.

De conformidade co disposto no artigo 140.4 da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, as circunstancias relativas a capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar as que se refiren os apartados anteriores, deberán concorrer na data final de presentación de ofertas e subsistir no momento de perfección do contrato.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.





O acordo da Xunta de Goberno Local de clasificación de ofertas foi notificado ó licitador requirido na data 02/05/2019.

Dentro do prazo concedido a empresa “Excavaciones Nima, S.L” presentou a documentación requirida, que tivo entrada na Plataforma de Contratación do Sector Público na data 10/05/2019. Entre a documentación presentada inclúese a carta de pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello na data 10/05/2019 (nº operación: 2019 33003132), xustificativa de constitución de certificado de seguro nº 2019/17847/1 de CESCE, por importe de 911,21 euros, en concepto de fianza do contrato.

Consta no expediente certificado de data 08/02/2019, emitido polo secretario xeral do Concello Juan Manuel Salguero del Valle, no que se manifesta “*que de acordo coa información que figura na Tesourería Municipal non constan débedas pendentes líquidas e esixibles a nome de Excavaciones Nima, S.L. CIF B-15405335*”.

Consta no expediente informe, emitido pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 13/05/2019, sobre que os medios materiais e persoais que a empresa acredita poñer a disposición da obra corresponden cos requiridos no anexo V do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexen o contrato.

Vista a proposta formulada pola Mesa de contratación na súa reunión de data 13/05/2019 e visto o informe de fiscalización favorable emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 15/05/2019.

Vistos os antecedentes citados, así como vistas as Disposicións Adicionais segunda e terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

PRIMEIRO.- Declarar válido o expediente de licitación tramitado.

SEGUNDO.- De acordo coa oferta presentada polo licitador e a clasificación das proposicións realizada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión da data 25/04/2019, **adxudicar o contrato para realizar as obras de “Pavimentación e instalación de liña de pluviais na Rúa Torreiro (Corrubedo)” á empresa “Excavaciones Nima, S.L.” (CIF B-15405335), nas seguintes condicións contractuais:**

a) Prezo total do contrato: 22.051,22 euros (base: 18.224,15 euros ; IVE 21%: 3.827,07 euros).

b) Prazo de execución: 2 meses , segundo o establecido no proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira de data agosto/2018.

TERCEIRO.- De conformidade co establecido na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe a contratación, **requirir ó adxudicatario para formalizar o correspondente contrato** en documento administrativo no prazo non superior ós 15 días hábiles seguintes a aquel en que reciba a notificación deste acordo de adxudicación.

CUARTO.- Designar como Directora das obras á enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.





QUINTO.- Esta adxudicación notificarase a tódolos licitadores presentados e, simultaneamente, publicarase na Web oficial deste Concello, no apartado “Perfil de Contratante”.

3.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “RENOVACIÓN DE SERVICIOS NUN TRAMO DA RÚA ALCALDE FERNÁNDEZ BERMÚDEZ (RIVEIRA)”

Expediente :2018-C_OB000025

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras do proxecto denominado **“RENOVACIÓN DE SERVICIOS NUN TRAMO DA RÚA ALCALDE FERNÁNDEZ BERMÚDEZ (RIVEIRA)”**, cun orzamento total de licitación de 84.645,88 euros (orzamento base: 69.955,27 euros; IVE 21%: 14.690,61 euros), e cun prazo de execución de 3 meses. (Valor estimado do contrato: 69.955,27 euros).

O proxecto técnico, redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data agosto/ 2018, aprobouse por decreto da alcaldía de data 10/12/2018.

O expediente de contratación, por procedemento aberto simplificado con un único criterio de adxudicación (prezo mais baixo), o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453.61938, aprobáronse por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión da data 27/12/2018.

A licitación anunciouse no Perfil de Contratante do Concello (na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia), na data 09/01/2019.

A empresa Coto de Uz Proyectos y Obras, S.L., presentou a súa oferta a través da oficina de correos na data 29/01/2019 e tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello na data 30/01/2019 co número 1352, incumprindo por tanto o disposto no artigo 11.1 do Prego de Cláusulas Administrativas que rexen o contrato, o cal dispón que *“Os licitadores deberán presentar as ofertas de forma telemática a través da plataforma de licitación electrónica MERCURIO, disposta polo concello a través da seguinte dirección: http://mercurio.altia.es/SLE_Internet/riveira”, polo que se acorda a súa exclusión desta licitación.*

O acto de apertura dos arquivos en soporte dixital, presentados polos licitadores que a continuación se indican, cuxas ofertas foron rexistradas, dentro do prazo concedido a tal fin, na Plataforma de Licitación Electrónica do Concello de Riveira celebrouse pola Mesa de Contratación na súa mesma reunión de data 18/02/2019, dando o resultado seguinte:

LICITADORES PRESENTADOS	DECLARACIÓN RESPONSABLE	OFERTA ECONÓMICA (IVE excluído)
ALBERTO PÉREZ SAMPEDRO	CORRECTA	56.356,76 €
BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	CORRECTA	55.680,02 €
BCNOR GÉSTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS S.L.	CORRECTA	54.878,17 €
CANALIZACIONES Y CONSTRUCCIONES SALNÉS, S.L.	CORRECTA	57.265,38 €
CANARGA, S.L.	CORRECTA	55.123,97 €





CETA CONTRATAS, S.L.	CORRECTA	52.111,94 €
CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L.	CORRECTA	49.000,00 €
CONSTRUCCIONES CANOSA, S.L.	CORRECTA	61.539,65 €
CONSTRUCCIÓN FERMÍN SIMAL, S.L.	CORRECTA	45.850,00 €
EXCAVACIONES NIMA, S.L.	CORRECTA	45.021,24 €
INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS, S.L.	CORRECTA	57.624,44 €
MARQUÉS DE MARANCÁN, S.L.	CORRECTA	58.203,52 €
NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.	CORRECTA	60.798,13 €
NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	CORRECTA	51.668,97 €
OBRA Y SANEAMIENTOS DE GALICIA, S.L.	CORRECTA	58.524,58 €
SERGONSA SERVICIOS, S.L.	CORRECTA	53.660,00 €
TARRÍO Y SUAREZ, S.L.	CORRECTA	58.762,43 €

Visto que, unha vez realizadas pola Mesa de Contratación as operacións correspondentes respecto das ofertas económicas dos licitadores presentados e admitidos á licitación, resulta que as ofertas presentadas polos licitadores “Construcciones Anspal, S.L.”, “Construccións Fermín Simal, S.L.” e “Excavaciones Nima”, deben ser consideradas, en principio, como anormais ou desproporcionadas, a Mesa de Contratación, na mesma reunión da data 18/02/2019, acordou requirir ás citadas empresas para que no prazo máximo de 5 días hábiles xustificasen a súas ofertas.

As notificacións dos requirimentos da xustificación das ofertas consideradas, en principio, como anormais ou desproporcionadas, realizáronse na data 21/02/2019.

Dentro do prazo concedido presentou documentación xustificativa da súa oferta a empresa “Excavaciones Nima, S.L.” (que tivo entrada no rexistro xeral na data 28/02/2019 co número 2.824).

Non consta que as empresas “Construcciones Anspal, S.L.”, e “Construccións Fermín Simal, S.L.” presentasen documentación algunha na que xustifique as súas respectivas ofertas, consideradas en principio como anormais ou desproporcionadas.

Con data 22/04/2019 a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira emitiu *informe sobre a documentación presentada polas empresas para xustificar a temeridade das súas ofertas presentadas na licitación da obra “Renovación de servizos nun tramo da Rúa Alcalde Fernández Bermúdez”, no que conclúe que:*

“Atendendo á documentación aportada polos ofertantes, considérase que:

Na documentación presentada por Excavaciones Nima, S.L. expón os motivos especialmente vantaxosos que o levaron a realizar a súa oferta, relacionando os prezos dos provedores, das unidades de obra, indicando tamén a maquinaria e medios auxiliares dos que dispoñen para executar a obra, así como o volume de obra xa contratada, polo que se estima debidamente xustificada a oferta presentada”.

As empresas Construccións Fermín Simal, S.L. e Construcciones Anspal, S.L. non presentaron documentación para xustificar a súa oferta.

E segundo o exposto propón “aceptar a xustificación da baixa temeraria presentada pola empresa Excavaciones Nima, S.L. e excluír ás empresas Construccións Fermín Simal, S.L. e Construcciones Anspal, S.L. do proceso de licitación.

Á vista do citado informe, tendo en conta os antecedentes expostos, vista a cláusula 16 de Prego de cláusulas administrativas particulares reitor da contratación e vista a proposta formulada pola Mesa de contratación na súa reunión de data 24/04/2019, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión da data 25/04/2019, adoptou os seguintes acordos:

- EXCLUIR da licitación a empresa “Coto de Uz Proyectos y Obras, S.L.” por presentar





a súa oferta a través dunha oficina de correos, incumprindo o disposto no artigo 11.1 do Prego de Cláusulas Administrativas que rexe o contrato.

- EXCLUÍR da licitación ás empresas “Construccións Fermín Simal, S.L.” e “Construcciones Anspal, S.L.”, por non presentar documentación algunha na que xustifiquen as súas respectivas ofertas económicas.

- De acordo co informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 22/04/2019 e considerando a documentación aportada pola empresa á que se lle requiriu que xustificase a súa oferta económica, considerar xustificada a oferta económica presentada pola empresa “Excavaciones Nima, S.L.”.

- De acordo co disposto no artigo 150, apartado 1, da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións que resultaron admitidas á contratación das obras de “Renovación de servizos nun tramo da Rúa Alcalde Fernández Bermúdez (Riveira)”, do seguinte xeito:

ORDE	LICITADORES PRESENTADOS	OFERTA ECONÓMICA (IVE excluído)
1	EXCAVACIONES NIMA, S.L.	45.021,24 €
2	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	51.668,97 €
3	CETA CONTRATAS, S.L.	52.111,94 €
4	SERGONSA SERVICIOS, S.L.	53.660,00 €
5	BCNOR GÉSTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS S.L.	54.878,17 €
6	CANARGA, S.L.	55.123,97 €
7	BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	55.680,02 €
8	ALBERTO PÉREZ SAMPEDRO	56.356,76 €
9	CANALIZACIONES Y CONSTRUCCIONES SALNÉS, S.L.	57.265,38 €
10	INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS, S.L.	57.624,44 €
11	MARQUÉS DE MARANCÁN, S.L.	58.203,52 €
12	OBRAS Y SANEAMIENTOS DE GALICIA, S.L.	58.524,58 €
13	TARRÍO Y SUAREZ, S.L.	58.762,43 €
14	NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.	60.798,13 €
15	CONSTRUCCIONES CANOSA, S.L.	61.539,65 €

- De conformidade co establecido no artigo 159, apartado 4.f.4º, da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, requirir á empresa “Excavaciones Nima, S.L.”, que é a empresa licitadora que resultou clasificada en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de sete días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello a documentación que se indica na cláusula 16.1 do prego de cláusulas administrativas particulares.

De conformidade co disposto no artigo 140.4 da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, as circunstancias relativas a capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar as que se refiren os apartados anteriores, deberán concorrer na data final de presentación de ofertas e subsistir no momento de perfección do contrato.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

O acordo da Xunta de Goberno Local de clasificación de ofertas foi notificado ó licitador requirido na data 30/04/2019.





Dentro do prazo concedido a empresa “Excavaciones Nima, S.L” presentou a documentación requirida, que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 10/05/2019 co número 6547. Entre a documentación presentada inclúese a carta de pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello na data 10/05/2019 (nº operación: 2019 33003131), xustificativa de constitución de certificado de seguro nº 2019/17846/1 de CESCE, por importe de 2.251,07 euros, en concepto de fianza do contrato.

Consta no expediente certificado de data 08/02/2019, emitido polo secretario xeral do Concello Juan Manuel Salguero del Valle, no que se manifesta “*que de acordo coa información que figura na Tesourería Municipal non constan débedas pendentes líquidas e esixibles a nome de Excavaciones Nima, S.L. CIF B-15405335*”.

Vista a proposta formulada pola Mesa de contratación na súa reunión de data 13/05/2019 e, visto o informe de fiscalización favorable emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 15/05/2019.

Vistos os antecedentes citados, así como vistas as Disposicións Adicionais segunda e terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

PRIMEIRO.- Declarar válido o expediente de licitación tramitado.

SEGUNDO.- De acordo coa oferta presentada polo licitador e a clasificación das proposicións realizada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión da data 25/04/2019, **adxudicar o contrato para realizar as obras de “Renovación de servizos nun tramo da Rúa Alcalde Fernández Bermúdez (Riveira)” á empresa “Excavaciones Nima, S.L.” (CIF B-15405335), nas seguintes condicións contractuais:**

a) Prezo total do contrato: 54.475,70 euros (base: 45.021,24 euros ; IVE 21%: 9.454,46 euros).

b) Prazo de execución: 3 meses, segundo o establecido no proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira de data agosto/2018.

TERCEIRO.- De conformidade co establecido na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe a contratación, **requirir ó adxudicatario para formalizar o correspondente contrato** en documento administrativo no prazo non superior ós 15 días hábiles seguintes a aquel en que reciba a notificación deste acordo de adxudicación.

CUARTO.- Designar como Directora das obras á enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.

QUINTO.- Esta adxudicación notificarase a tódolos licitadores presentados e, simultaneamente, publicarase na Web oficial deste Concello, no apartado “Perfil de Contratante”.

4.- RESOLUCIÓN CONCURSO DE IDEAS PARA EL NUEVO AUDITORIO MUNICIPAL DE RIVEIRA Y DE SU ENTORNO





VISTO el expediente incoado sobre “**CONCURSO DE IDEAS PARA EL NUEVO AUDITORIO MUNICIPAL DE RIVEIRA Y DE SU ENTORNO**” (*arts 183 y siguientes de la Ley 9/2017, de 8 de Noviembre, de Contratos del Sector Público*), según bases (administrativas y técnicas) y expediente de contratación aprobados por acuerdo de la Junta de Gobierno Local de fecha 7 de Febrero de 2019.

CONCLUÍDA la **SEGUNDA FASE** consistente en la presentación ante los miembros del Jurado del **ANTEPROYECTO** por cada uno de los tres equipos seleccionados en la primera fase y de acuerdo con la invitación cursada previamente tiempo y forma, con arreglo al siguiente orden de intervención:

1.-10.00 H: Lema:- “CHOIVA, PEDRA E CRISTAL”

2.-11.00 H: Lema: “ATRIO”

3.- 12.00 H: Lema : “ESCOITA E VERÁS”

VISTAS las valoraciones realizadas por el Jurado de acuerdo con lo dispuesto en la **BASE 8 (2ª FASE, C)** , sobre la base los siguientes criterios (**ACTA DEL JURADO DE FECHA 15 DE MAYO DE 2019**):

- *La singularidad y funcionalidad de la propuesta arquitectónica, así como la relación con el entorno inmediato.*
- *La integración y actuación con el espacio verde inmediato, a los efectos de alcanzar una integración del edificio en el ámbito de la zona verde y la previsión de ampliación en un futuro de la edificación sobre este espacio público.*
- *Adaptabilidad escénica y poli funcional para la realización de espectáculos de distinta índole.*
- *Criterios generales de ordenación de espacios, volúmenes exteriores y calidad de los acabados y su integración en el entorno inmediato.*
- *Calidad técnica de las propuestas presentadas.*
- *Viabilidad técnica.*
- *Contenido funcional.*
- *Economía de los materiales a emplear en las soluciones constructivas y su mantenimiento.*
- *Otros aspectos relevantes que el Jurado pueda considerar, de manera justificada y objetiva.*

El resultado de la puntuación es el siguiente:

1.-Lema:- “CHOIVA, PEDRA E CRISTAL”40 puntos.

Oferta que fue registrada de entrada en fecha 08/03/2019, número 3.245.

Director del equipo.....**Bernat Pons Vidal, NIF.....41572953-Q**

Coautores del Proyecto.....**Anna Gorrochategui Matas, NIF...47750277-T**

Antonio Pons Cañellas, NIF.....43010787-M

2.-Lema: “ATRIO”30 puntos.

Oferta que fue registrada de entrada en fecha 11/03/2019, número 3.366.

Director del equipo.....**José Carlos Seoane González, NIF.....30.558.852-V**

3.-Lema : “ESCOITA E VERÁS”35 puntos.

Oferta que fue registrada de entrada en fecha 11/03/2019, número 3.390.

Director del equipo.....**Manuel Amado Fernández, NIF.....33.346.402-J**

Coautores del Proyecto.....**Ángel Rivas Amado, NIF.....33.334.608-H**





Antonio Bouza Castaño, NIF..... 35.477.748-H

Daniel Castro Martínez, NIF.....46.918.897-R

La “Xunta de Goberno Local” del Ayuntamiento de Riveira, al amparo de lo dispuesto en la Disposición Adicional Segunda de la Ley 9/2017 de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, por la que se trasponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014, por delegación de la Alcaldía y previo estudio del expediente, **acuerda** por unanimidad de sus miembros:

Primero:-Declarar como ganador del “CONCURSO DE IDEAS PARA EL NUEVO AUDITORIO MUNICIPAL DE RIVEIRA Y DE SU ENTORNO” al Lema “CHOIVA, PEDRA E CRISTAL”.

Segundo:- Adjudicar a los autores del mismo (**D. Bernat Pons Vidal-41572953-Q-, D. Antoni Pons Canellas-43010787-M- e Dña. Anna Gorrochategui Matas-47750277-T**) de acuerdo con lo previsto en el artículo 185.4 de la LCSP, la redacción del proyecto básico/ejecución, redacción del Estudio de Seguridad y Salud, la dirección de las obras (2; arquitecto + aparejador) y la coordinación de seguridad y salud, **cuyo presupuesto máximo será de 180.000 € + iva (217.800€ iva incluido)** por todos los conceptos.

La coordinación de seguridad y salud podrá ser realizada por el autor del proyecto o bien subcontratada a través de un tercero, en este caso, será obligatorio informar al Ayuntamiento del profesional que va a llevar a cabo esta. En cuanto a la dirección de la ejecución de la obra, que de acuerdo con la Lei de Edificación, la tiene que asumir un aparejador.

Por otra parte, el equipo redactor asumirá los gastos del estudio geotécnico preceptivo y del levantamiento taquimétrico, que han de integrarse en el proyecto de ejecución. El proyecto deberá de incluir las obras de actuación en el entorno inmediato (zona de verde, acceso peatonal al futuro edificio).

En primer lugar, **107.000 euros + iva** en concepto de honorarios de redacción de proyecto básico y de ejecución, previa firma del correspondiente contrato.

En segundo lugar, **33.000 euros + iva** en concepto de honorarios de dirección de las obra del proyecto seleccionado, previa firma del correspondiente contrato y condicionado a la licitación de las obras que realice el Ayuntamiento.

En tercer lugar, **33.000 euros + iva** en concepto de honorarios de dirección de la ejecución de la obra (aparejador).

En cuarto lugar, **7.000 euros + iva** en concepto de honorarios de coordinación de seguridad y salud de las obras del proyecto seleccionado, previa firma del correspondiente contrato y condicionado a la licitación de las obras que realice el Ayuntamiento.

Tercero:-Aprobar el pago de **9.000 euros + iva** en concepto de primas de participación por los anteproyectos presentados en la segunda fase, tal como establecen las bases 6 y 7 del concurso, y a favor de:

1.-Lema: “CHOIVA, PEDRA E CRISTAL”.

Oferta que fue registrada de entrada en fecha 08/03/2019, número 3.245.

Director del equipo

Bernat Pons Vidal, NIF 41572953-Q





Coautores del Proyecto

Anna Gorrochategui Matas, NIF 47750277-T
Antonio Pons Cañellas, NIF 43010787-M

2.-Lema: "ATRIO"

Oferta que fue registrada de entrada en fecha 11/03/2019, número 3.366.

Director del equipo **José Carlos Seoane González, NIF 30.558.852-V**

3-Lema : "ESCOITA E VERÁS"

Oferta que fue registrada de entrada en fecha 11/03/2019, número 3.390.

Director del equipo

Manuel Amado Fernández, NIF 33.346.402-J

Coautores del Proyecto

Ángel Rivas Amado, NIF 33.334.608-H

Antonio Bouza Castaño, NIF 35.477.748-H

Daniel Castro Martínez, NIF 46.918.897-R

A tal fin, los finalistas, deberán presentar la correspondiente factura en el Punto de entrada de facturas electrónicas (FACe), en la Sede electrónica o bien en el Registro Municipal.

La factura deberá incluir, además de los datos establecidos en la normativa de facturas, los siguientes datos:

- Oficina contable: L01150737 Intervención General
- Órgano gestor: L01150737 Alcaldía-Presidencia
- Unidad tramitadora: L01150737 Intervención

Cuarto:-Requerir a los adjudicatarios para que procedan a la constitución de una Unión Temporal de Empresas (UTE), tal como estipulan las bases del concurso, como trámite previo a la formalización del preceptivo contrato administrativo.

Quinto:-Disponer el gasto correspondiente en caso de conformidad del informe de fiscalización que se emita por la Intervención.

Sexto:- Publicar anuncio de adjudicación en el perfil de. contratante

Séptimo:-Notificar el presente acuerdo tanto a los adjudicatarios como a los representantes de los otros dos anteproyectos seleccionados para participar en la 2ª Fase del Concurso.

Octavo:-Facultar al Sr. Alcalde-presidente tan ampliamente como en Derecho sea posible para garantizar la plena efectividad del presente acuerdo.

IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

1.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 09/05/2019 **"Decreto: Aprobación do plan de seguridade e saúde das obras do proxecto denominado "Ampliación da antiga Escola Unitaria de Corrubedo"**.

2.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 14/05/2019 **"Decreto: Clasificación das ofertas e requirimento de**





documentación, para a adxudicación do contrato do “Complementario número 1 do proxecto de reordenación da Avenida do malecón e pavimentación da zona infantil do Parque García Bayón (Riveira)””.

V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DE POSTO DE VENDA AMBULANTE – ÁNGELES MOTA GARCÍA.

Visto o escrito presentado por **Ángeles Mota García**, de data 13/05/2019 (Registro de entrada nº 6.604), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda de churros e rosquillas (2 m.), o día 22/05/2019, no lateral do atrio (por fóra) da Igrexa de Palmeira (Riveira, co motivo da celebración da Festa de Santa Rita.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar** a **Ángeles Mota García** para a instalación dun posto de venda de churros e rosquillas (2 m.), o día 22/05/2019, no lateral do atrio (por fóra) da Igrexa de Palmeira (Riveira, co motivo da celebración da Festa de Santa Rita.
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais.
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

1.- Vistos os escritos presentados por **Yesika Mª Oliveira Crujeiras e José Antonio Pena Armental**, de datas 09/04/2019 e 30/04/2019 (Registros de entrada nº 5.038 e 6.070), nos que solicita licenza de obras para construción de vivenda unifamiliar de planta baixa e construción anexa destinada a garaxe, no lugar de Sirves, Oliveira, Riveira en parcela con refª catastral nº 15074A940009330000UT, (parcela C resultante da licenza de segregación nº 5/15).

A Xunta de Goberno Local, atendendo á documentación obrante no expediente, e ao informe técnico favorable emitido polo arquitecto municipal,





Alberto Iglesias Fungueiriño con sinatura dixital o día 6 de maio de 2019 e visto o informe técnico favorable emitido pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira o día 9 de maio de 2019, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 09/05/2019, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- CONCEDER á Sra. Yesika Mª Olveira Crujeiras e ao Sr. José Antonio Pena Armental **LICENZA DE OBRAS (Nº 19/19)** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA** e **CONSTRUCCIÓN ANEXA DESTINADA A GARAXE**, no lugar de Sirves, Olveira, Riveira en parcela con refª catastral nº 15074A940009330000UT, nos termos do Proxecto Básico de abril de 2019, Memoria Urbanística e Planos U-01, A-02 Modificados, redactados polo Sr. José A. Gómez Domínguez, (arquitecto Col. nº 4.169):

- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos.
- Deberá realizar a **previa cesión a dominio e uso público** da zona afectada por aliñacións, (segundo o Arquitecto Técnico Municipal superficie de parcela de cesión nas franxas sitas ao longo dos viais, **refléxase unha superficie de cesión en total de 32,60 m²**), e completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da Enxeñeira Municipal **unha fianza de 106,50 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza.**
- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra, Oficio de Execución Materia e de Coordinación de Seguridade e Saúde** co preceptivo visado colexial.

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrais a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas*





Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.

- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das*





facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóbiles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*





2.- Visto o escrito presentado por **David Gude Saiñas**, de data 01/10/2018 (Rexistro de entrada nº 14.133), no que solicita licenza de obras para construción de vivenda unifamiliar, piscina e peche, na Rúa do Canal s/n, Ameixida, Riveira en parcela con refª catastral nº 15074A019015060000KB.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente, visto o Replanteo emitido pola Demarcación de Costas de Galicia asinado polo xefe de Servizo de xestión de dominio público marítimo - terrestre Sr. Ignacio Pardo de Vera Moreno o día 15 de marzo de 2017 - Rx Saida 20170030018814, vista a Resolución favorable emitida pola directora xeral de ordenación do territorio e urbanismo asinado pola xefa do servizo Sra. Helena Mosquera García o día 20 de febreiro de 2019, rexistrado de entrada no Concello o día 21 de febreiro de 2019, (Rexistro de entrada nº 2.429) respecto “as obras de peche de parcela, piscina e pavimento na rúa Canle nº 7, Ameixida, Riveira”, visto o informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño con sinatura dixital o día 6 de maio de 2019 e visto o informe técnico favorable emitido pola Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira o día 10 de maio de 2019, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 13/05/2019, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- CONCEDER ao Sr. David Gude Saiñas **LICENZA DE OBRAS (Nº 20/19)** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA, PISCINA e PECHE DE PARCELA**, na Rúa do Canal s/n, Ameixida, Riveira, en parcela con refª catastral nº 15074A019015060000KB, nos termos do Proxecto Básico de abril de 2019 redactado polo Sr. Raúl Ares Fuertes, (arquitecto col. nº 3.051):

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos.*
- *Deberá adecuarse integramente ao replanteo emitido pola Demarcación de Costas de Galicia asinado polo xefe de Servizo de xestión de dominio público marítimo - terrestre Sr. Ignacio Pardo de Vera Moreno o día 15 de marzo de 2017 - Rx Saida 20170030018814, así como á resolución favorable emitida pola directora xeral de ordenación do territorio e urbanismo asinado pola xefa do servizo Sra. Helena Mosquera García o día 20 de febreiro de 2019, rexistrado de entrada no Concello o día 21 de febreiro de 2019, (Rexistro de entrada nº 2.429) respecto “as obras de peche de parcela, piscina e pavimento na rúa Canle nº 7, Ameixida, Riveira.”*
- *Deberá realizar a **previa cesión a dominio e uso público** da zona afectada por aliñeacións na franxa sita ao longo dos viais, **cunha superficie de cesión en total de 259,72 m²**, e completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultáneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente, dos que **190,22 m² constitúen a cesión pola***





rúa do Canal, e os 69,50 m² restantes constitúen a cesión do camiño lateral que baixa a praia, e que no seu último tramo está afectado pola servidume de protección do dominio público marítimo terrestre, polo que no tramo afectado pola mencionada servidume de protección, antes de proceder a súa urbanización deberá presentarse declaración responsable ante o Organismo competente en Costas. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da enxeñeira municipal unha fianza de 5.679,57 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza.

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra, de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde**, co preceptivo visado colexial.*

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*





- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participaráse a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados





como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

3.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DE LICENZA DE LEGALIZACIÓN DE OBRA - MARCELINO SANTOS FERNÁNDEZ.

FINALIDADE DA LICENZA DE OBRA: Legalización e reforma de vivenda unifamiliar.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 6.1 Residencial Extensiva Unifamiliar Agrupada.

REFª CATASTRAL: 0328417NH0102N0001XI.

SITUACIÓN: Avda de Ferrol nº 116, Riveira.

PROMOTOR/A: Sr. Marcelino Santos Fernández, (D.N.I. 33.154.779-A).

AUTOR/A PROXECTO: Sra Mª Pilar García Alboreda, (arquitecta col. nº 2.188).

PROXECTO: Proxecto de legalización visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 5 de decembro de 2018 / Xustificación do Decreto 29/2010 de 4 de marzo polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de Vivendas de Galicia visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 4 de marzo de 2019.

ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL: 65.000,00 €.

Visto o oexpediente de referencia e tendo en conta os seguintes





ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Consta incoado por Decreto de alcaldía de día 23 de maio de 2017 expediente de reposición da legalidade urbanística ao Sr. Marcelino Santos Fernández.

SEGUNDO.- A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 18 de outubro de 2018 acordou por unanimidade:

“
(...)

CONCEDER ao Sr. Marcelino Santos Fernández a **LICENZA DE SEGREGACIÓN DE PARCELAS Nº 8/18** con refª catastrais nº 0328417NH0102N0001XI e 0328407NH0102N0001TI, sita no Avda de Ferrol nº 116, Riveira, solicitada nos termos do Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de agosto de 2018 redactado pola Sra Mª Pilar García Alboreda, (arquitecto col. nº 2.188), resultando finalmente dous parcelas de modo que:

- **PARCELA A** de 244,00 m² que linda: Norte co Sr. Ventura Matínez; Sur co Sr. Juan Arguibay Torres (casa co nº 114 da Avda de Ferrol); Leste Parcela B resultante da segregación; Oeste estrada AC-550.
- **PARCELA B** de 334,00 que linda: Norte co Sr. Ventura Matínez; Sur co Sr. Juan Arguibay Torres (casa co nº 114 da Avda de Ferrol); Leste coa superficie de cesión da parcela B a dominio público; Oeste Parcela A resultante da segregación.

(...)
“

TERCEIRO.- Polo Sr. Marcelino Santos Fernández, (D.N.I. 33.154.779-A), solicitábase en escrito rexistrado de entrada os días 5 decembro de 2018 e 4 de marzo de 2019, (Rexistro de entrada nº 17.375, 2.993 e 2.994 respectivamente), licenza de legalización e reforma de vivenda unifamiliar, sita na Avda de Ferrol nº 116, Riveira, en parcela con refª catastral nº 0328417NH0102N0001XI, achegándose Proxecto de legalización visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 5 de decembro de 2018 así como Xustificación do Decreto 29/2010 de 4 de marzo polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de Vivendas de Galicia visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 4 de marzo de 2019 ambos redactados pola Sra. Mª Pilar García Alboreda, (arquitecta col. nº 2.188).

CUARTO.- O arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente así como as condicións técnicas de seguridade e salubridade emite informe con sinatura dixital o día 7 de marzo 2019 no que analiza en **sentido favorable** o axuste da obra pretendida ás determinacións da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, do Código Técnico da Edificación e do Planeamento Municipal e demais normativa urbanística de aplicación, excepto no que respecta ao material empleado na cuberta que o Plan Xeral esixe que sexa de tella cerámica e no caso que nos ocupa é de uralita.

QUINTO.- Asimesmo a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira o día 7 de maio de 2019 emite informe en relación a obriga do promotor de complementar a urbanización do fronte da parcela contemplando a regularización do pavimento, debendo garantir a conexión dos servizos urbanos existentes na fronte da parcela, contemplando unha fianza





para responder polos servizos urbanísticos a completar pola legalización e rehabilitación da vivenda unifamiliar de 800,15 €.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A parcela obxecto da obra clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO URBANO CONSOLIDADO, ORDENANZA 6.1 RESIDENCIAL EXTENSIVA UNIFAMILIAR AGRUPADA**, regulada no artigo 155 do PXOM do seguinte modo:

1. Definición e ámbito

Comprende esta Ordenanza as áreas de solo urbano consolidadas de orixe agrícola ou mariñeiro, caracterizándose por unhas alineacións non xeométricas, apiñadas, desordenadas cunha tendencia á compactación de manzanas e o mantemento da horta-xardín nas parcelas maiores.

O obxecto fundamental desta ordenanza é a conservación da parcela, o tipo de edificación e os elementos de xardinería existentes.

1.1. Obras admisibles

Serán las obras preferentes las de:

Conservación

Consolidación

Rehabilitación

Restauración

Permitíndose as de reforma e ampliación e as de obra novas.

Os proxectos realizados nos solares nos que exista unha edificación antiga manteranse os cerramentos de pedra existentes, ocos de pedra e balcóns e galerías de madeira e outros elementos comúns á arquitectura popular.

1.2. Usos globais

Uso global: residencial extensivo

Uso característico pormenorizado: vivenda unifamiliar

Usos admisibles: Sólo admitiranse ademais do uso característico os terciarios que teñan relación de dependencia directa co uso principal, nos seus niveles domésticos, como os restaurantes, hostales, oficinas, comercios e talleres relacionados coas actividades residenciais, pesqueiras e agrícolas.

Tamén será admisible o uso dotacional na medida que poda equipar ao barrio dun servizo deficitario e respete os umbrais domésticos de compatibilidade.

1.3. Tipoloxías edificatorias

A tipoloxía edificatoria para esta zona é a de vivenda unifamiliar agrupada, con flexibilidade para a súa adaptación ás características morfolóxicas do parcelario.

Tamén preténdese conseguir unha edificación integrada no núcleo tradicional existente, preservando a imaxe deste.

2. Parámetros da edificación

2.1. Condicións da parcela

Parcela mínima: 50 m²., non permitíndose a agrupación de parcelas que superen os 200 metros que puidese alterar considerablemente a tipoloxía parcelaria existente.

Frente mínimo: Será de 6 metros. Cando se trate dun solar entre medianeiras consolidadas permitirase a construción sempre que o frente sexa maior de 3 metros e se cumpran o resto das condicións.

2.2. Condicións de ocupación





Posición - Retranqueos: A liña de edificación exterior coincidirá coas aliñacións definidas nos planos de ordenación, terán en xeral carácter obrigatorio.

Nos casos nos que os planos non estén definidos con precisión conservaranse as existentes, puidendo o Concello establecer o seu reaxuste ou retranqueo a través das figuras de planeamento previstas para este fin, cando poida derivarse mellora para as condicións do espazo público e para as condicións de edificación das parcelas.

A edificación situarase na parcela illada, entre medianeiras, ou adosada á parcela contigüa si esta deixase unha medianeira consolidada. Todas as fachadas non adosadas (vistas) terán tratamento igual á da fachada principal.

Fondos edificables: O fondo máximo edificable establécese en 14 metros.

2.3. Condicións de volume

Altura da edificación:

Número de plantas: Baixo + unha planta e baixocuberta. Permitiranse sótanos, que poderán ocupar todo o subsolo da parcela.

H. máxima: 6,5 metros.

Altura de coronación: A cumbreira situarase a 4,00 metros dende o último forxado.

2.4. Elementos arquitectónicos

Cerramentos de parcela: Sólo permitirase o cerramento das parcelas con elementos opacos de bo acabado ata unha altura máxima de 1 metro, puidéndose aumentar dita altura mediante elementos diáfanos ata unha altura de 1,00 metros. No caso de peches realizados con pedra natural a parte cega pode alcanzar unha altura máxima de 1,5 metros.

Corpos volados: Autorízanse corpos volados como elementos añadidos ao corpo principal da construción tales como galerías ou miradores, non podendo cerrarse con elementos opacos en mais do 50% da súa superficie.

A dimensión dos voos serán as definidas nas condicións xerais de edificación e a unha altura de 3,5 metros.

Balcóns: Nos corpos volados non se autorizan a sobresalir sobre o vuelo permitido con balcóns. No resto dos casos su dimensión máxima será de 60 cm.

Construcións auxiliares: Autorízase unha construción auxiliar por parcela, será obrigatoriamente de planta baixa e unha altura máxima de 3 metros, non superando en ningún caso os 30 metros de superficie. Sempre que superen os 15 metros, non poderán autorizarse, sin existencia de edificación principal.

Cornisas e aleros: A dimensión máxima do saliente de cornisas e aleiros será de 0'40 metros.

Cubertas, materiais: As cubertas resolveranse prioritariamente a dos augas utilizando en calquera caso como material de cobertura tella cerámica. Estarán compeostas de faldóns rectos do aleiro ao cumio, prohibíndose a construción de mansardas.

2.5. Condicións ambientais e estéticas

Os edificios quedarán integrados na unidade dos núcleos tradicionais con volúmenes similares aos existentes.

Conservaranse os muros de pedra de cerramento, as estruturas portantes e de ocos de pedra, os balcóns e galerías de madeira e outros elementos comúns á arquitectura popular.

Cerramentos exteriores e materiais: A volumetría, composición, natureza, textura e cor dos materiais serán acordes cos utilizados no proceso de formación da paisaxe histórico. Aadoptaranse solucións tipolóxicas propias do entorno. Prohíbense os muros de bloques sen revestir ni pintar.

Na carpintería exterior do edificio poderanse utilizar madeira, ferro, aluminio ou plástico sempre que estean pintados, lacados ou coloreados.

Prohíbese o aluminio na súa cor natural.





Composición de fachadas - ocos: Con respecto á fachada as novas edificacións manterán o ritmo e a forma das actuais, colocando as carpinterías de ocos no paño que sexa tradicional.

SEGUNDO.- Establece o artigo 17.a) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia que o Solo Urbano Consolidado e aquel que está integrado polos terreos que reúnan a condición de soar ou que, polo seu grao de urbanización efectiva e asumida polo planeamento urbanístico, poidan adquirir a dita condición mediante obras accesorias e de escasa entidade que poidan executarse simultaneamente coas de edificación.

TERCEIRO.- O artigo 18.1 da Lei do Solo de Galicia dispón que terán a condición de soar as superficies de solo urbano legalmente divididas e aptas para a edificación que contén con acceso por vía pública pavimentada e servizos urbanos de abastecemento de auga potable, evacuación de augas residuais á rede de saneamento, subministración de enerxía eléctrica e iluminación pública, en condicións de caudal e potencia adecuadas para os usos permitidos. Se existe planeamento, ademais do anterior, deberán estar urbanizadas de acordo coas aliñacións e rasantes de todas as vías ás que dean fronte.

CUARTO.- O artigo 19 da Lei do Solo de Galicia establece os dereitos dos propietarios de solo urbano, mencionando que teñen o dereito de completar a urbanización dos terreos para que adquiren a condición de soar e a edificar estes nas condicións establecidas nesta lei e no planeamento aplicable e, cando proceda, participar na execución de actuacións de transformación urbanística nun réxime de xusta distribución de beneficios e cargas.

QUINTO.- O artigo 20 da Lei do Solo de Galicia recolle os deberes dos propietarios de solo urbano consolidado do.

En solo urbano consolidado, os propietarios teñen os seguintes deberes:

a) Ceder gratuitamente á administración titular da vía os terreos destinados a viais fóra das aliñacións establecidas no planeamento cando pretendan parcelar, edificar ou rehabilitar integralmente.

b) Completar pola súa conta a urbanización necesaria para que os terreos alcancen, se aínda non a teñen, a condición de soar, nos supostos de edificar ou rehabilitar integralmente. Para tal efecto, afrontarán os custos de urbanización precisos para completar os servizos urbanos e executar as obras necesarias para conectar coas redes de servizos e viaria en funcionamento.

c) Regularizar os predios para adaptar a súa configuración ás exixencias do planeamento cando for preciso por ser a súa superficie inferior á parcela mínima ou a súa forma inadecuada para a edificación.

d) Edificar os soares no prazo establecido.

e) Conservar e, se é o caso, rehabilitar a edificación, co fin de que esta manteña en todo momento as condicións establecidas no artigo 135.

f) Garantir o realoxamento dos ocupantes legais que se precise desalojar de inmobles situados na área de actuación e que constitúan a súa residencia habitual, así como o retorno cando teñan dereito a el, nos termos establecidos na lexislación vixente.

Igualmente, deberán indemnizar os titulares de dereitos sobre as construcións e edificacións que deban ser demolidas e as obras, instalacións e plantacións que non poidan conservarse

SEXTO.- O artigo 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, dispón que a licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

SÉTIMO.- O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da Lei do Solo, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por





silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

A estes efectos no expediente consta Proxecto de legalización visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 5 de decembro de 2018 así como Xustificación do Decreto 29/2010 de 4 de marzo polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de Vivendas de Galicia visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 4 de marzo de 2019 ambos redactados pola Sra. M^a Pilar García Alboreda, (arquitecta col. nº 2.188).

Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, terá os efectos establecidos de conformidade co disposto nos artigos 21 e ss da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para outorgar a licenza de primeira ocupación de edificacións, logo da visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, exixirase certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada.

Poderán outorgarse licenzas de primeira ocupación parciais, por edificios ou portais completos, nos termos e condicións que se determinen regulamentariamente.

OITAVO.- O artigo 144 da Lei do Solo regula a prelación de licenzas e outros títulos administrativos.

Cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo sexan realizados en terreos de dominio público, exixiranse as autorizacións ou concesións preceptivas previas por parte do titular do dominio público. A falta destas ou a súa denegación impediralle ao órgano competente outorgar a licenza e ao particular obter o título habilitante.

Cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia.

No suposto de que os actos de edificación e uso do solo e do subsolo suxeitos a licenza urbanística requiran a previa avaliación de impacto ambiental, non se poderá outorgar a licenza municipal con anterioridade á declaración de impacto ou efectos ambientais ditada polo órgano ambiental competente, ou cando for negativa ou se incumprisen as medidas correctoras determinadas nela.

Non se poderá presentar a comunicación previa nin conceder licenza sen que se acredite o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando sexan procedentes de acordo co disposto nesta lei.

NOVENO.- O artigo 145 da Lei do Solo establece que no acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.





Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento con audiencia ao interesado.

DÉCIMO.- O artigo 147 da Lei do Solo establece que os actos relacionados no artigo 142 que promovan órganos das administracións públicas ou de dereito público estarán suxeitos a control municipal por medio da obtención de licenza municipal ou comunicación previa, agás os supostos exceptuados pola lexislación aplicable.

As obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto logo da acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor.

DÉCIMO PRIMEIRO.- Establece o artigo 357 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

1. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello (artigo 143.2 da LSG).

Ese prazo suspenderase de conformidade co disposto no artigo 354.2 así como nos casos previstos na lexislación sobre procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos vixentes no momento da súa concesión.

3. As resolucións sobre o outorgamento ou denegación de licenzas urbanísticas deben ser motivadas e congruentes co solicitado, con explícita referencia ás normas ou determinacións do planeamento que se incumpran.

4. A resolución mediante a cal se outorgue a licenza deberá consignar expresamente, ademais de calquera outra especificación requirida polas disposicións vixentes e o que o órgano competente considere oportuno incluír, os seguintes aspectos:

a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación.

b) Finalidade da actuación e uso a que se destinará.

c) Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos.

d) Orzamento de execución material.

e) Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito.

f) Nome ou razón social da persoa promotora.

g) Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade e saúde.

h) Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas.

i) Calquera outro dato que se considere oportuno en aplicación da normativa aplicable e das condicións singulares en función da tipoloxía do acto de uso do solo ou do subsolo autorizado.

5. Concedida a licenza, selaranse e dilixenciaranse os distintos documentos e todos os planos que integran o proxecto técnico para a debida constancia do contido daquela.

6. Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista,





ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

DÉCIMO SEGUNDO.- O Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRO.- A Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade

DÉCIMO CUARTO.- O Decreto 29/2010 polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de vivendas en Galicia.

DÉCIMO QUINTO.- O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obligatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

DÉCIMO SEXTO.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 1 de xullo de 2015.

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA.- Coa presente licenza de legalización e reforma de vivenda preténdese axustar as mesma á orde de paralización e ao expediente de reposición da legalidade urbanística incoado por Decreto de alcaldía de día 23 de maio de 2017.

Polo anteriormente exposto, visto o informe técnico favorable emitido polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño con sinatura dixital o día 7 de marzo de 2019, visto o informe técnico favorable emitido pola Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira con sinatura dixital o día 7 de maio de 2019, da documentación obrante no expediente, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 07/05/2019, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- CONCEDER ao Sr. Marcelino Santos Fernández **LICENZA DE OBRA (Nº 21/19) DE LEGALIZACIÓN E REFORMA DE VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE** sita na Avda de Ferrol nº 116, Riveira, en parcela con refª catastral nº 0328417NH0102N0001XI, nos termos do Proxecto de legalización visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 5 de decembro de 2018 así como Xustificación do Decreto 29/2010 de 4 de marzo polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de Vivendas de Galicia visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 4 de marzo de 2019 ambos redactados pola Sra. Mª Pilar García Alboreda, (arquitecta col. nº 2.188) :

- *Deberase de complementar a urbanización así como a regularización do pavimento, debendo garantir asimesmo a conexión cos servizos urbanos existentes na fronte da. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da enxeñeira municipal unha fianza de 800,15 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza.*

SEGUNDO.- A interesada deberá actualizar os datos catastrais a efectos do actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).





TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarse con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido o tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Resíduos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*





- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*





VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

Visto o escrito presentado por **Andrés Fernández Fuentes**, de data 16/04/2019 (Rexistro de entrada nº 5.424), no que solicita certificación urbanística de parcela sita en lugar de Saiñas (Palmeira) con referencia catastral nº 15074A007001910000KK.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 10/05/2019, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao solicitante como segue:

Ref. catastral: 15074A007001910000KK

INFORME:

Vista a localización da finca de acordo cos datos facilitados polo solicitante, examinada a lexislación urbanística e o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira (PXOM) aprobado con data de 17 de decembro de 2002, e ao abeiro da Lei 1/1997 do Solo de Galicia, cómpre informar o seguinte:

ANTECEDENTES E SENTENZA ACLARATORIA:

- 1.- Na planimetría do PXOM advírtese unha discrepancia entre o plano de clasificación: plano 2.13, a escala 1:5.000 con respecto do plano de maior detalle, plano de ordenación: plano 3.7, a escala: 1: 2.000.
- 2.- No plano de clasificación (escala 1:5.000) a parcela obxecto de solicitude atópase dentro dun ámbito de solo rústico ordinario.
- 3.- Por outro lado, o plano de ordenación (1:2.000), e de maior detalle de definición, engloba á parcela dentro dun ámbito de solo urbano consolidado, e séndolle de aplicación a ordenanza 6.3.b do PXOM.
- 4.- Esta cuestión xa foi obxecto dun contencioso e posterior sentenza do TSX de Galicia; sentenza 530/2019, e relativa ao procedemento ordinario número 4424/2016, Esta sentenza conclúe que o plano de maior definición, ou sexa o plano 3.7 do PXOM a escala: 1:2.000, é o plano operativo aos efectos de validar a clasificación urbanística, e debendo de omitirse a discrepancia entre calquera outro que manifeste contradición con respecto ao mesmo.
- 5.- En consecuencia, e unha vez resolta a discrepancia polo TSX de Galicia, a parcela obxecto de solicitude está dentro dun ámbito de solo urbano consolidado.

INFORMACIÓN URBANÍSTICA

- 1.- A finca indicada no encabezamento atópase dentro da delimitación do solo clasificado como **solo urbano**, séndolle de aplicación íntegra o réxime do solo urbano establecido na Lei 2/2016, do Solo de Galicia e o disposto ó respecto pola Disposición Transitoria primeira, apartado a) desta lei. En aplicación da citada D. T. seralle de aplicación a ordenación proposta polo planeamento xeral vixente.





2.- Compróbase ademais que a finca de natureza urbana atópase dentro da clasificación de **solo urbano consolidado**, séndolle de aplicación a **ordenanza 6.3.b** do PXOM, na que rexen as condicións urbanísticas que se resumen a continuación:

- .- Uso característico: vivenda unifamiliar.
- .- parcela mínima: 1.000 m².
- .- Fronte mínimo: 12 metros.
- .- Ocupación máxima: 30 % parcela neta.
- .- Edificabilidade máxima: 0,40 m²/m².
- .- Altura máxima: 6,5 metros (B+ 1P + B cuberta).
- .- Aliñacións: sinalase un vial de ancho total 8 metros, 4 metros ao eixo da pista.

De tódolos xeitos pódese consultar a ordenanza de aplicación, así como as condicións xerais de edificación do BOP nº 10, de 14 de xaneiro de 2003.

3.- Advírtese sobre a documentación catastral, que sobre a parcela aséntase unha edificación en fase de construción (estrutura erixida). Cobre esta cuestión queremos significar que no caso da probable licenza de legalización ou consolidación da construción existente, deberase de aportar proxecto visado, conforme ao Decreto 1000/2010, e xustificar o cumprimento do erixido con respecto á normativa municipal, así como coa normativa sectorial vixente no momento de realizarse a solicitude.

IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XII.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Vista a **proposta** do Alcalde de Riveira, Manuel Ruiz Rivas, de data 13/05/2019, no que solicita autorización para a celebración da XXII Mostra de Teatro Infantil de Riveira 2019, do 27/05/2019 ao 01/06/2019.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar a celebración da XXII Mostra de Teatro Infantil de Riveira 2019, do 27/05/2019 ao 01/06/2019.

2.- Visto o escrito remitido pola **Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional**, de data 14/03/2019 (Rexistro de saída nº 2111/RX392100), no que solicita a proposta dun representante do concello para formar parte da Comisión de Escolarización do Concello de Riveira do vindeiro curso 2019-20.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** nomear representante do concello para formar parte da Comisión de Escolarización do Concello de Riveira do vindeiro curso 2019-20 a **David Fernandez Fernández**, Concelleiro Delegado de Educación e Xuventude.

3.- Visto o escrito remitido pola **Valedora do Pobo**, Milagros María Otero Parga, de data 07/05/2019 (Rexistro de saída nº 5805/19) e rexistrado de entrada en data 09/05/2019 co nº 6.440, no que solicita información relativa ao escrito de queixa presentado por José Ángel Muñiz González (Expediente: V.9Q/2346/19).

A Xunta de Goberno Local, vista a documentación que consta no expediente, por unanimidade dos presentes, **acorda informar** á Valedora do Pobo como segue:

Ao respecto da súa consulta consta nos arquivos municipais decreto de denegación de colocación de cadea anclada a dous postes na Rúa da Habana en base aos informes técnico que constan no expediente.

Remítese aos efectos oportunos copia das notificacións realizadas a José Ángel Muñiz González e a María Esther González Queiruga.

SOLICITUDES DE SUBVENCIONES

1.- Vista a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Medio Ambiente, **Elvira Pereira Ageitos**, de data 15/05/2019, en relación á convocatoria do "Programa de subvencións a concellos da provincia da Coruña para a realización de





actividades en materia de medio ambiente no ano 2019” da Deputación provincial da Coruña (BOP nº 80, de data 29/04/2019).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

1. Acolleuse ao sinalado na citada convocatoria e solicitar unha axuda, por importe de 2.150,54€, para a elaboración da “Ordenanza municipal de rúidos” polo Técnico de Medio Ambiente do Concello de Riveira.
2. Facultar ao Sr. Alcalde D. Manuel Ruiz Rivas para actuar en representación do Concello de Riveira e formular a correspondente solicitude de axuda.
3. Xuntar á dita solicitude a documentación, declaracións e compromisos que nela se inclúen.
4. Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social na que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
5. Comprometerse a empregar a utilización da lingua galega na realización do proxecto.
6. Comprometerse a que o Técnico de Medio Ambiente municipal participe nas actividades formativas organizadas polo servizo de Medio Ambientada Deputación da Coruña no ámbito das políticas medioambientais.
7. Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación Provincial da Coruña en toda a información que se realice para acadar a finalidade para a que é concedida.

2.- Vista a proposta presentada polo **Alcalde do Concello de Riveira, Manuel Ruiz Rivas**, de data 15/05/2019, en relación á Resolución do 9 de abril de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, do programa Cultura no Camiño que se convocan para o ano 2019 (DOG núm. 78 do 24/04 /2019).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Primeiro.- Solicitar á Consellería de Cultura e Turismo unha axuda, ao abeiro da orde citada anteriormente, para o desenvolvemento do programa **“Cultura no Camiño” e polo tanto participar neste programa VII Edición Cultura no Camiño 2019.**

Segundo.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na citada orde e concretamente o establecido na base terceira punto 3 onde di que as programacións de cada Concello dentro do Programa Cultura no Camiño contarán cun orzamento superior a 8.750 euros nos concellos de máis de 20.000 habitantes e serán desenvolvidas nas datas comprendidas entre o 1 de maio





e o 30 de setembro de 2019 para obter unha achega máxima de 3500,00 € segundo a base Cuarta punto 3.

Terceiro.- Comprometerse a financiar o importe ou parte non subvencionable obxecto da actividade ata o importe total da execución segundo o especificado na base sétima, punto 1.3 da citada orde.

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e trinta minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

O Alcalde

Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario xeral

Juan Manuel Salguero del Valle

